



**Concello de Lugo**

ACTAS E GOBERNO  
LRP/cvr  
Ref: 10extractoxg39  
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1-9-2010

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE SETEMBRO DE 2010**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día un de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal en funcións, don Xosé Manuel Cao Rei, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 25 de agosto de 2010.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a rectificación de erro no acordo número 16/885, adoptado pola Comisión Permanente en sesión celebrada o día 7 de abril de 1981, polo que se concedía licenza para construír un edificio no Plan Parcial de Saamasas, así como cambio de titularidade.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas de obras: para construír un edificio na rúa Cánovas del Castillo, parcela E+5, do Polígono de Augas Férreas; para legalización de planta primeira en nave industrial, sita na rúa das Leiteiras, rueiro E, parcela 2, subparcela C, parque empresarial IN-F e para cambio de uso de local a garaxe privado (grado 1º) en planta baixa de edificio existente na rúa Músico Falla, número 10.

Acórdase a desestimación do silencio administrativo positivo na solicitude formulada para un elevador e escaleira de acceso á planta primeira dende a planta baixa, no edificio coa licenza número 435/66, sito na rúa Perpetuo Socorro.



**Concello de Lugo**

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref: 10extractoxg39

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1-9-2010

**2. XESTIÓN.-** Acórdase a resolución de alegacións e aprobación definitiva no proxecto de expropiación para a execución das obras de infraestrutura do Plan Paradai na Calzada das Gándaras.

**ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdase a aprobación da autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar cabo por persoal adscrito a Servizos Sociais e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase a aprobación da autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar cabo por persoal adscrito ó Servizo de Informática e a aprobación da forma de compensación.

**ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a adxudicación provisional na contratación dun servizo de catering para a conmemoración do día internacional das persoas maiores 2010.

Acórdase a adxudicación provisional na contratación de servizos destinados á realización das verificacións previstas no artigo 13 do regulamento (ce) 1828/2006 ás operacións encadradas no programa de iniciativa urbana (Proxecto Urban) cofinanciadas nun 70% por fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER).

Lugo, 1 de setembro de 2010  
O CONCELEIRO-SECRETARIO,

Asdo.. Lino José González-Dopeso García



**MURALLA**  
patrimonio da humanidade